

## ACTA REUNIÓN COMISIÓN CONTROL PLANO PENSIONES UNIVERSIDADE DE VIGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

**Vicerreitor Economía**  
José María Martín Moreno

#### Xerenta

Raquel María Souto García

#### Vicexerente de Recursos Humanos

José González Groba

#### Profesor Dr. Titular de Universidade

Baltasar Manzano González

#### Xefa Sección Retribucións e Seguros

#### Sociais

Marta Cogolludo Fernández

### PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría

Cándido Pérez Betanzos

Luis J. Olivares Requejo

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensiones da Universidade de Vigo, celebrada ás 12:05 horas do día 5 de xullo de 2021, a través de campus remoto, coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA

1. Informe resumo das reunións do Fondo de pensiones. Nova Declaración de Principios da política de Investimento e Estratexia ao Longo Prazo. Informe resumo da reunión do Fondo de pensiones.
2. Comparativa de mercado Inverco e rendibilidade do Plan de Pensiones a peche de maio.
3. Situación poboacional do colectivo da Universidade: Posibilidade de incorporación do suposto de liquidez das participacións con máis de 10 anos de antigüidade.
4. Acceso á información do plan de pensiones por parte da Comisión de Control e dos partícipes (carpeta segura owncloud).
5. Rogos e preguntas.
6. Lectura e aprobación da acta.

Asisten tamén a esta reunión:

Por parte de ABANCA Vida y Pensiones Lucas López e Jesús de Juana, por parte de ABANCA.

Manuel Guzmán, responsable de inversións de Fondo de Pensiones de ABANCA.

Código seguro de Verificación : GEN-c1a4-1b75-4da3-4d3f-d5f2-3314-e812-cb90 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-c1a4-1b75-4da3-4d3f-d5f2-3314-e812-cb90

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARTA COGOLLUDO FERNANDEZ | FECHA : 13/07/2021 09:48



CSV : GEN-b8d4-32c7-df1b-b726-0983-65c1-bdf2-2c31

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SGAD | FECHA : 13/07/2021 09:50

FIRMANTE(2) : JOSE MARIA MARTÍN MORENO | FECHA : 13/07/2021 12:31



1. Informe resumen das reunións do Fondo de pensións. Nova Declaración de Principios da política de Inversión e Estratexia ao Longo Prazo. Informe resumen da reunión do Fondo de pensións.

D. Jesús De Juana expón as cuestións presentadas e aprobadas nas dúas Comisións de Control do Fondo de Pensións ABANCA Emprego celebradas o 20 de xaneiro e 29 de abril. Ao nivel dos investimentos do fondo de pensións aprobouse a nova redacción da declaración de principios da política de investimento e presentouse a nova estratexia de inversión ao longo prazo (Alpha 360). No plan regulatorio actualizáronse os artigos 16 (Remuneración das entidades xestora e depositaria á actual normativa de plans e fondos de pensións) e o 22 (Política de investimento á nova redacción aprobada en xaneiro). Por último, no plan contable, aprobáronse as contas anuais do fondo correspondente ao exercicio 2020 e designouse a KPMG Auditores SL para a realización das contas anuais dos exercicios 2021 a 2023.

Por outra banda, entregouse á comisión de control do fondo, no marco da normativa IORP, un informe sobre o a Avaliación interna dos riscos do fondo de pensións e outro sobre a efectividade do control interno da Entidade xestora coas conclusións de auditoría interna.

D. Manuel Guzmán, xestor de investimentos do fondo de pensións, fai un breve resumo sobre a nova redacción da declaración de principios da política de investimento e da estratexia de inversión ao longo prazo baseados na incorporación definitiva de controles e criterios de investimentos baseados na sustentabilidade, medio ambiente e bo goberno corporativo tanto na xestión do fondo como na elección dos activos de investimento do fondo de pensións. Igualmente, identifícanse novos porcentaxes ou valores centrais por tipo de activo e a forma de selección de activos mediante un novo e sofisticado proceso de identificación de nichos de mercado e oportunidade dentro do ciclo económico buscando a preservación do capital.

2. Comparativa de mercado Inverco e rendibilidade do Plan de Pensións a peche de maio.

D. Jesús De Juana expón o pequeno estudo de rendibilidades acadadas nos plans de pensións do sistema de emprego comparadas co plan de pensións da Universidade de Vigo. Comeza a súa exposición indicando que Inverco (asociación nacional que agrupa as entidades xestoras de fondos de inversión e fondos de pensións) publica as súas estatísticas trimestrais do sistema de emprego sen diferenciar a categoría de inversión dos plans de pensións de emprego polo que esta comparativa pódese ter en conta pero con certas limitacións. De igual forma, utilízase a media de rendibilidade dos plans de pensións a nivel nacional cuxa categoría de inversión é a renda fixa mixta, mes estratexia de inversión que o plan da Universidade.

Establécense 4 liñas de comparación:

- Plans de pensións doutras Universidades.
- Os 5 plans de pensións de emprego con máis patrimonio a nivel nacional.
- Medias de rendibilidade de todos os plans de pensións do sistema de emprego.

---

CSV : GEN-c1a4-1b75-4da3-4d3f-d5f2-3314-e812-cb90

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARTA COGOLLUDO FERNANDEZ | FECHA : 13/07/2021 09:48




---

CSV : GEN-b8d4-32c7-df1b-b726-0983-65c1-bdf2-2c31

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SGAD | FECHA : 13/07/2021 09:50

FIRMANTE(2) : JOSE MARIA MARTÍN MORENO | FECHA : 13/07/2021 12:31



- Media de rendibilidade dos plans de pensións individuais que invisten en renda fixa mixta.

Asemade, compáranse os datos publicados no cuarto trimestre de 2020 (que recolle a rendibilidade anual) e os datos do primeiro trimestre de 2021.

Os resultados son bastante parellos en ambos casos posto que destácase a boa rendibilidade do plan de pensións nos períodos a 10, 15 e 20 anos e un peor comportamento comparado nos períodos a 1, 3 e 5 anos.

Por último, como conclusións, destácanse as medidas tomadas pola entidade xestora para mellorar estes datos e que se materializan na integración do servizo de investimentos e nomeamento dun xestor exclusivo do fondo, adaptacións sobre a política de investimentos e concreción dunha estratexia de investimento ao longo prazo que maximice ás rendibilidades dentro do nivel de risco aprobado nos principios da política de investimento.

En relación aos datos a peche de maio, destacar a continuación da recuperación dos valores de rendibilidade previos ao inicio da pandemia, acumulando unha rendibilidade no período dun 2,17%. A última rendibilidade do ano 2020 trasladada do día 05 de xullo é dun 2,57%.

### 3.Situación poboacional do colectivo da Universidade: Posibilidade de incorporación do suposto de liquidez das participacións con máis de 10 anos de antigüidade

En relación á posibilidade de incorporar o suposto excepcional de liquidez das participacións con, a lo menos, 10 anos de antigüidade, esta Comisión de Control solicitou en xaneiro a elaboración de pequeno estudo poboacional dos partícipes e beneficiarios do plan de pensións.

D. Jesús De Juana pasa a comentar os puntos máis importantes sobre o reparto de idades e patrimonio do plan de pensións. Cabe destacar que a media de idade do colectivo (1.064 persoas) é de 58 anos, sendo o grupo máis numeroso o que corresponde ao tramo dos 56 a 60 anos. Ese mesmo grupo acumula a maior parte do patrimonio, 4,3 millóns de euros, un 28,50% do total.

A meirande parte do cobro das prestacións do plan son en forma mixta, capital máis renda. A parte de capital ven derivada da aplicación do réxime transitorio fiscal recollido na Disposición Adicional 12ª da Lei 35/2006 do IRPF. Esta forma mixta de percibir as prestacións permite manter unha parte importante do patrimonio do plan de pensións.

En relación á teórica liquidez por continxencia de xubilación do plan de pensións, actualmente o 24% do patrimonio corresponde a partícipes con idades de 65 ou máis anos. Se consideramos unha idade legal de xubilación nos 67 anos, en 6 anos o 46% do patrimonio do plan será líquido e en 11 anos o 75%. Estes datos no son definitivos posto que o persoal da Universidade vaise renovando e xerando novas achegas.

Por último, en relación aos dereitos consolidados medios, 888 partícipes (83% do colectivo) dispoñen dun saldo inferior aos 20 mil euros. Pola contra, 11 partícipes e beneficiarios teñen un patrimonio superior aos 100 mil €, acadado, principalmente, en base ás achegas voluntarias realizadas.

---

CSV : GEN-c1a4-1b75-4da3-4d3f-d5f2-3314-e812-cb90

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARTA COGOLLUDO FERNANDEZ | FECHA : 13/07/2021 09:48




---

CSV : GEN-b8d4-32c7-df1b-b726-0983-65c1-bdf2-2c31

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SGAD | FECHA : 13/07/2021 09:50

FIRMANTE(2) : JOSE MARIA MARTÍN MORENO | FECHA : 13/07/2021 12:31



Con independencia da consideración da xestora, a comisión de control ten a potestade de incluír ou non este suposto de liquidez. Acórdase que na próxima reunión a Xestora presente unha proposta que inclúa nas Especificacións do Plan o que fixa o artigo 9 do Regulamento de plans e fondos de pensións en canto aos supostos excepcionais de liquidez.

4. Acceso á información do plan de pensións por parte da Comisión de Control e dos partícipes (carpeta segura owncloud)

O representante de ABANCA Vida y Pensiones indica que, desde a entrada en vigor total da normativa IORP (febreiro 2021) é necesario que os partícipes e beneficiarios do plan de pensións poidan acceder a toda a documentación xeral do plan de pensións en papel ou de forma dixital.

Para obter esa documentación os partícipes e beneficiarios pódense dirixir á Entidade Xestora, ás oficinas de ABANCA Corporación Bancaria ou ao Promotor do plan de pensións.

D. Jesús De Juana comenta que a Entidade Xestora habilitou unha carpeta segura na rede (Owncloud) para que a Universidade poida acceder a toda a documentación xeral do plan de pensións. Para ese acceso é necesario indicar un usuario que sería unha conta de e-mail. Desta forma a Universidade disporía de toda a documentación actualizada en todo momento de forma autónoma.

En todo caso, a existencia desta carpeta con acceso para o promotor, tanto ABANCA Vida y Pensiones (sacvidaypensiones@abancaseguros.com) como nas oficinas de ABANCA Corporación Bancaria esta documentación facilitarase a quen así a solicite.

Jesús de Juana comprométese a presentar unha data de peche para os accesos á web, que permitan aos usuarios ter información do Plan de pensións.

5. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

6. Lectura e aprobación da acta.

Sendo as 14.00 horas faise un descanso para redacción da acta, posteriormente dáse lectura á acta que queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 14.09 horas, do que como secretaria dou fe.

Vº e prace  
Jose María Martín Moreno

A secretaria  
Marta Cogolludo Fernández

CSV : GEN-c1a4-1b75-4da3-4d3f-d5f2-3314-e812-cb90

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

FIRMANTE(1) : MARTA COGOLLUDO FERNANDEZ | FECHA : 13/07/2021 09:48



CSV : GEN-b8d4-32c7-df1b-b726-0983-65c1-bdf2-2c31

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SGAD | FECHA : 13/07/2021 09:50

FIRMANTE(2) : JOSE MARIA MARTÍN MORENO | FECHA : 13/07/2021 12:31

